PROGRAMACIÓN  DIDÁCTICA

CURSO  2020  -  2021

CENTRO :  IES AGRA DO ORZÁN
DEPARTAMENTOS :  LATÍN  E GREGO
MATERIAS E CURSOS :
CULTURA CLÁSICA – CURSO 3º ESO
LATÍN – CURSO 4º ESO

# ÍNDICE

1. Plan de adaptación á situación COVID-19.

(Páxinas 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 50 e 51)

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para a modalidade de ensino presencial.

(Páxinas 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 44, 45, 50 e 51)

3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para a modalidade de ensino semipresencial ou non presencial.

(Páxinas 22, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 50 e 51)

4. Avaliación e cualificación.

(Páxinas 44, 45, 49, 50, 51 e 52 )

5. Metodoloxía.

(Páxinas 17, 45, 46, 47 e 48)

6. Información e publicidade.

(Páxina 53)

LATÍN – CURSO 4º ESO

## Introdución xeral

Con esta materia preténdese dotar a todos os alumnos e as alumnas da Educación Secundaria Obrigatoria dun coñecemento suficiente sobre a contribución do mundo clásico á civilización occidental nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico e lingüístico para coñecelos e para que comprendan mellor o seu propio mundo, fortalecendo deste xeito a súa conciencia histórica e a súa capacidade crítica.
Así, esta materia pretenden contribuír a que os alumnos e as alumnas da ESO adquiran unha formación intelectual e humanística de carácter integral, mediante o coñecemento dunhas parcelas do saber que configuran as raíces máis sólidas e profundas da nosa lingua e da nosa cultura.

---------------------------------------------------------------------

*O seu carácter opcional fai necesario dotar ao ensino desta materia dunha grande flexibilidade para adecualo á realidade do noso centro e do seu alumnado.*

---------------------------------------------------------------------

O **"Plan de adaptación á situación COVID-19"** inclúe as seguintes adaptacións na Programación Didáctica:

1. Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019-2020.
2. Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial.
3. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas ou non impartidas.
4. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir.
5. Plan de reforzo e recuperación.

LATÍN – CURSO 4º ESO

Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles impartidas e non impartidas

Impartíronse as aprendizaxes seguintes no curso de Latín 4º ESO:

- Comprensión da lingua latina nos pequenos diálogos ou narracións sobre as situacións expostas ao longo das unidades do libro de texto e elaboración de textos de produción propia.
- Comprobación da morfoloxía latina estudada: coñecemento de construcións morfosintácticas básicas.
- Asimilación das regras básicas de sintaxe e capacidade adecuada de análise e de tradución de frases latinas.
- Coñecemento do vocabulario latino e da formación de palabras da mesma familia latina.
- Procedementos de creación de palabras e comprobación da etimoloxía grecolatina estudada.
- Características da sociedade e das formas de goberno.

Só se impartiron de forma parcial as aprendizaxes relativas a:

- Comprobación da morfoloxía latina estudada: coñecemento de construcións morfosintácticas básicas.
- Asimilación das regras básicas de sintaxe e capacidade adecuada de análise e de tradución de frases latinas.
- Elementos da mitoloxía, da literatura e da arte.
- Hispania romana.
- Herdanza do pasado grecorromano, costumes, leis, arte e educación.

Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial

No Anexo II están os resultados da observación do traballo realizado desde os primeiros días de curso e ata a data da reunión do equipo docente. Serven para detectar necesidades de aprendizaxe, capacidade no cumprimento das tarefas, ritmo de traballo, organización...

ANEXO II

ESPECIFICACIÓNS NO TRATAMENTO DOS CONTIDOS DA AVALIACIÓN INICIAL E

ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS POLO ALUMNADO DO GRUPO DE LATÍN

Contidos da Avaliación Inicial:

Os contidos do Libro de texto de Latín 4 estructúranse nos seguintes bloques:

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos.

Bloque 3. Morfoloxía.

Bloque 4. Sintaxe.

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización.

Bloque 6. Textos.

Bloque 7. Léxico.

Unidade de Introdución:

Traballamos o Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.

Temporalización: mes de outubro.

Punto de partida da unidade:

Enfoque da unidade. Nesta unidade, os alumnos e as alumnasidentificarán as linguas que son indoeuropeas e poderán diferenciar as que pertencen e as que non pertencen a esta familia de linguas. Recoñecerán o latín como unha lingua indoeuropea e saberán que é o proceso de romanización. Estudiarán a evolución do latín e recoñecerán as distintas linguas románicas da península ibérica.

O que os alumnos xa coñecen. Os alumnos recoñecen a orixe común de moitas das linguas que coñecen, e identifican linguas cuxa orixe é diferente; tamén poden explicar que son as linguas romances.

Previsión de dificultades. É posible que existan algunhas dificultades para identificar as diferencias entre as distintas linguas romances.

Contidos da unidade:

- As linguas indoeuropeas.
- O latín, unha lingua indoeuropea.
- A evolución do latín.
- As linguas románicas na península ibérica.

Incidimos no contexto espacio-temporal e na comparación das linguas romances na actualidade:

- Localización do momento histórico e a rexión de Italia na que se orixinou o latín.
- O proceso de romanización.

- Recoñecemento de elementos léxicos latinos en galego e en castelán.

Proposta de actividades para o alumnado, detección de dificultades e resultados obtidos:

Actividades nº 4, nº 5, nº 6 e nº 7 realizadas na sesión de clase.

Dificultades: Non houbo dificultades.

Resultados obtidos: Satisfactorios.

Nivel de atención medio-alto.

Competencias traballadas: CCL, AA, CSC.

Unidade 1:

Traballamos algúns elementos seleccionados dos bloques:

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos.

Bloque 3. Morfoloxía.

Bloque 4. Sintaxe.

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización.

Bloque 6. Textos.

Bloque 7. Léxico.

Temporalización: mes de outubro.

Punto de partida da unidade:

Enfoque da unidade. Nesta unidade, na parte dedicada á gramática, os alumnos e as alumnas deben aprender o alfabeto latino e a súa pronunciación; saber en qué consiste a etimoloxía e diferenciar os procedementos de formación de palabras; e para comprender que o latín é unha lingua flexiva, deben coñecer o concepto de flexión e aprender o caso nominativo. Na parte dedicada á historia, poderán coñecer todo o que se sabe sobre a torre de Hércules na Coruña.

O que os alumnos xa coñecen. Os alumnos coñecen o alfabeto latino e poden recoñecer algunhas palabras compostas e os seus procesos de formación. Poden identificar a Hércules como personaxe de lenda e coñecen a torre de Hércules.

Previsión de dificultades. É posible que existan algunas dificultades para comprender que los sustantivos adoptan formas diferentes segundo a función sintáctica que desempeñen.

Contidos da unidade:

• O alfabeto latino e a súa pronunciación.

• A etimoloxía.

• Os procedementos de creación de palabras.

• O concepto de flexión.

• O caso nominativo.

Incidimos nas relacións sintácticas das palabras na frase e na importancia dos primeiros pasos na técnica da tradución:

• Os casos latinos.

• A concordancia.

• Os elementos da oración.

Abordamos o estudo do léxico e a lectura dos textos con apoio visual e practicamos a lectura en voz alta de textos latinos de certa extensión coa pronunciación correcta.

Traballamos algúns dos contidos de forma mixta mediante a exposición na sesión de clase e o traballo individual para a casa con axuda do libro de texto e dos materiais proporcionados na propia sesión de clase:

• Lendas sobre Hércules.

• O mundo romano en Hispania: a torre de Hércules.

Proposta de actividades para o alumnado, detección de dificultades e resultados obtidos:

Actividades de Responde latine e de Saber facer realizadas na sesión de clase.

Actividades individuais de reforzo para realizar na casa.

Actividades presentadas e corrixidas na sesión de clase: Torre de Hércules.

Visionado de vídeos na clase: Torre de Hércules

- Descrición.

- Historia. Idade Antiga.

- Lendas.

- A Torre de Hércules "cólase" entre as obras mestras da arte universal.

- Torre de Hércules. 2000 anos alumeando o Atlántico.

Visionado de vídeos na clase: Castro de Elviña.

- Os xeógrafos clásicos. A Coruña nos vellos mapas.

Dificultades: Houbo dificultades na adxudicación das tarefas individuais sobre os contidos traballados de forma mixta mediante a exposición na sesión de clase e o traballo individual para a casa con axuda do libro de texto e dos materiais proporcionados na propia sesión de clase e houbo tamén dificultades na comprensión das desinencias dos casos latinos.

Resultados obtidos: Satisfactorios.

Nivel de atención medio-alto.

Nivel de participación medio.

Nivel de adquisición de coñecementos medio-alto, naqueles casos nos que foi entregada a tarefa.

Competencias traballadas: CCL, AA, CEEC, CSC, SIE.

Incorporación das aprendizaxes non adquiridas ou non impartidas

O curso de Latín 4º de ESO é un nivel inicial desta materia na Educación Secundaria Obrigatoria, e non é unha continuación das aprendizaxes do curso 2019-2020.

As aprendizaxes non impartidas ou parcialmente impartidas teñen tratamento diverso no Plan de reforzo e recuperación.

Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

En función da situación sanitaria, contémplanse os posibles escenarios de actividade lectiva presencial, actividade lectiva semipresencial e actividade lectiva non presencial.

As actividades deseñadas teñen un enfoque competencial e fomentan a participación do alumnado no proceso de aprendizaxe.

No Anexo 1, da metodoloxía, atópanse algunhas propostas concretas de actividades deseñadas para o desenvolvemento das competencias e para a comprobación das aprendizaxes.

Contémplase unha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria, mediante a programación de dúas propostas de contidos secuenciadas e mediante a adaptación da avaliación.

Plan de reforzo e recuperación

A metodoloxía empregada para a consecución dos obxectivos didácticos marcados inclúe un plan de reforzo e recuperación con diferentes tipos de actividades.

- Actividades de introdución e coñecementos previos:

Guían o interese do alumnado no que se refire ao contido da unidade.

Empréganse para presentar con claridade os coñecementos previos, coñecer as ideas, opinións, acertos e erros dos alumnos e das alumnas acerca dos contidos que se van desenvolver.

- Actividades de desenvolvemento:

Son as que permiten traballar os contidos e as competencias clave da unidade.

- Actividades de síntese-resumen:

Son aquelas actividades que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos.

- Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:

Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos e alumnas do mesmo modo que aplicar as aprendizaxes.

Son as que se programan para os alumnos e as alumnas que non acadaron os obxectivos.

Son as que permiten profundar nos contidos a aqueles alumnos e alumnas que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

**Docencia en galego**

Inclúe a especificación concreta de obxectivos, actividades e medidas de atención á diversidade:

Obxectivos didácticos:

1) As aprendizaxes da lingua oral e da lingua escrita efectúanse en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc.) aparecen reflectidas na segunda.

2) Incídese na lingua como transmisora de significados culturais.

Actividades:

Dacordo coa nosa liña de traballo, no feito de promover a lingua e a cultura galega.

Esta dimensión reflíctese en forma de participación en conferencias, roteiros culturais, publicacións, así como na exaltación de datas sinaladas na cultura ou na tradición.

Medidas de atención á diversidade:

Inclúen actuacións dacordo coas seguintes consideracións sobre medidas de atención á diversidade no domino das linguas e sobre medidas xerais de atención á diversidade.

A atención ao alumnado que non teña suficiente dominio das linguas para que poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten, enmarcámola na atención á diversidade do alumnado en xeral. Este é un aspecto especialmente coidado no centro dado que o alumnado desde sempre é ben diverso e consideramos que é unha cuestión de equidade e xustiza prestar a cada un e a cada unha todos os espazos que sexan necesarios para que a súa evolución tanto académica como persoal sexa adecuada e desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Neste marco, para cada persoa se deseñan as medidas xerais e específicas que se consideren idóneas dentro das nosas posibilidades que sempre veñen condicionadas polos recursos materiais e humanos de que dispoñemos en cada momento.

## Competencias clave

• Son as diferentes capacidades de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas de forma adecuada cunha combinación de destrezas, contidos de tipo conceptual, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

• Todas as persoas precisan as competencias clave para acadar a súa realización persoal, lograr a súa inclusión social, exercer a cidadanía activa, facer frente á vida adulta e ser capaces de desenvolver unha aprendizaxe permanente.

• Son referencia para a titulación ao final da Ensinanza Secundaria Obrigatoria.

• Forman parte das ensinanzas mínimas da ESO, xunto cos obxectivos, cos contidos e cos criterios de avaliación.

• Non deben interpretarse como se fosen as aprendizaxes mínimas comúns. De feito, inclúen un conxunto de aprendizaxes desexables, máis amplos dos que poden considerarse mínimos en estricto senso.

• Deben relacionarse coa transversalidad, polo que, nalgúns supostos, non son medibles ou cuantificables.

• Serven para orientar o ensino e permiten identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible.

O desenvolvemento competencial para a ESO na materia de Latín inclúe as competencias CCL, AA, SIE, CSC, CEC e CD.

1. Comunicación lingüística :

Ler e comprender textos.

Descubrir a importancia do estudo do léxico.

2. Aprender a aprender :

Potenciar a adquisición de destrezas e actitudes para organizar a aprendizaxe.

Coñecer a orixe das palabras.

Selección e análise nos textos como fonte de información.

Adquisición de novo vocabulario.

3. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor :

Adquisición de novo vocabulario para comunicarse no grupo.

Adquirir novas palabras en latín para poder formar frases sinxelas
para comunicarse no grupo.

Mellorar e fomentar o afán de superación : deben ser constantes no traballo e non renderse ante as dificultades.

Mellorar as habilidades sociais para relacionarse, para cooperar e traballar xuntos de forma flexible.

4. Competencias sociais e cívicas :

Interpretar a evolución e o legado da lingua latina na actualidade.

Coñecer as institucións e o modo de vida dos gregos e dos romanos, a participación dos cidadáns na vida pública e a delimitación dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividades.

5. Conciencia e expresións culturais :

Apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral.

Valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión.

Respectar o patrimonio cultural clásico como fonte de coñecemento.

Comprender e empregar a linguaxe como medio de expresión cultural e social.

6. Competencia dixital:

Empregar varias fontes para a busca da información.

Seleccionar o uso das distintas fontes da información.

Ainda que se integran coa información do curso e da materia , non existe unha relación unívoca entre a ensinanza da materia e o desenvolvemento da competencia, senon que cada unha das competencias acadarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.
Desenvólvense con outras actuacións do instituto as competencias asociadas á convivencia, á cidadanía, á alfabetización dixital, aprender a aprender e habilidades sociais , pois a súa finalidade é integrar todas as aprendizaxes, tanto as formais, informais e non formais como as correspondentes á materia do currículo.

**Obxectivos**

Os obxectivos no estudo da materia de Latín son coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade grecorromana e contribuír a que os alumnos e as alumnas da ESO adquiran unha formación intelectual e humanística de carácter integral.
O coñecemento do marco xeográfico e temporal e o coñecemento dos aspectos máis relevantes das sociedades grega e romana desde as que se transmitiron artes, educación e costumes é unha referencia necesaria para valorar a súa unidade e tamén para valorar a diversidade de ámbitos e manifestacións.

O coñecemento do legado de Roma, do humanismo, o estudo dos clásicos e o estudo da lingua latina familiarizará aos alumnos e ás alumnas con coñecementos que lles son propios e favorecerá a motivación por aprender.

**Contidos**

Distribúense en bloques que agrupan a adquisición de coñecementos de lingua latina, vocabulario e diálogo sempre con imaxes, para chegar á produción de pequenos diálogos ou narracións. O primeiro bloque inclúe os contidos de comunicación: Colloquium, Narratio e Responde latine. O segundo bloque inclúe o estudo da gramática, de exercicios de comprensión e de reforzo, e exercicios de Lingua viva. O terceiro bloque inclúe os coñecementos da civilización, historia ou legado de Roma que se denominan Mundo romano.

Bloque 1:

Lectura e comprensión da lingua.

Colloquium.

Narratio.

Responde latine.

Bloque 2:

Estudo do léxico e da gramática.

Actividades de comprensión e de reforzo.

Exposición dun tema: lingua viva.

Bloque 3:

Mundo romano.

## Criterios de avaliación, estándares avaliables e competencias clave

No estudo da materia de Latín, avalíase a introdución á lingua latina, a proximidade da lingua latina a través de frases sinxelas, de comprensión case intuitiva, ata a produción de pequenos diálogos ou narracións; a adquisición do vocabulario, a morfoloxía e as estruturas gramaticais; identificar e relacionar elementos que permitan a análise e a tradución de textos. Avalíase a actitude na incorporación dos coñecementos do curso e o desenvolvemento e a progresión na adquisición deles.

Criterios de avaliación especificados nos estándares avaliables de aprendizaxe e rendemento e as competencias clave do Curso 4º de ESO e para a materia de Latín:

----------------------------------------------------------------------------------------------------------------

PROPOSTA DIDÁCTICA PARA A MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL

LATÍN 4º ESO

BLOQUE 1 - LECTURA E COMPRENSIÓN DA LINGUA

COLLOQUIUM

NARRATIO

RESPONDE LATINE

BLOQUE 2 - ESTUDO DO LÉXICO E DA GRAMÁTICA

LINGUA VIVA

BLOQUE 3 - MUNDO ROMANO

----------------------------------------------------------------------------------------------------------------

As linguas do mundo:

- As linguas indoeuropeas.
- O latín.
- As linguas romances.
- Latín. Nostra familia.
- Latín. Vestigia Romana in Hispania.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos aspectos históricos e culturais do mundo romano. | 1.1. Le textos traducidos de autores clásicos e modernos e sinala a información relevante. | 1.1.1. Comunicación lingüística |
| 2. Coñecer as etapas da lingua latina e a formación das linguas romances. | 2.1. Coñece as etapas da lingua latina e a formación das linguas romances. | 2.1.1. Comunicación lingüística |
| 3. Relacionar imaxes con termos correspondentes na lingua latina. | 3.1. Relaciona a imaxe co termo correspondente. | 3.1.1. Comunicación lingüística |

| | | |
|---|---|---|
| 4. Comprender textos latinos. | 4.1. Comprende textos latinos. | 4.1.1. Comunicación lingüística |

Estudo do vocabulario:

- Etimoloxía.
- Vocabulario (1): procedementos de derivación e de composición.
- Vocabulario (2): palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Vocabulario (3): latinismos, helenismos, lexemas, prefixos e sufixos.
- Vocabulario (4): palabras procedentes doutras linguas e razóns lingüísticas, históricas ou culturais.
- Vocabulario (5): neoloxismos.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Identificar palabras e elementos morfolóxicos das palabras. | 1.1. Identifica palabras e elementos morfolóxicos das palabras. | 1.1.2 Comunicación lingüística<br>1.1.1. Aprender a aprender |
| 2. Coñecer os procedementos de derivación e de composición. | 2.1. Coñecer os procedementos de derivación e de composición. | 2.1.1. Comunicación lingüística |
| 3. Identificar palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos e dobletes léxicos. | 3.1. Identifica palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos e dobletes léxicos. | 3.1.1. Comunicación lingüística |
| 4. Coñecer o vocabulario específico da gramática, das ciencias naturales, da astronomía, das matemáticas, da física, da química, da medicina, da historia, da xeografía, da arte, da música e da filosofía. | 4.1. Identifica os étimos estudados. | 4.1.1. Comunicación lingüística |

Comunicación:

- Lucius, puer Romanus.
- Schola.
- Familia Claudiae.
- Sarcina.

Gramática:

- O alfabeto latino e a súa pronunciación.
- Concepto de lingua flexiva, caso e declinación.
- Os casos latinos: caso nominativo, caso xenitivo e caso ablativo.
- Oración copulativa e oración predicativa.
- Desinencias verbais.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Ler e pronunciar correctamente palabras latinas. | 1.1. Identifica as letras maiúsculas e minúsculas do abecedario latino. | 1.1.1. Comunicación lingüística<br>1.1.2. Aprender a aprender<br>1.1.3. Conciencia e expresións culturais |
| | 1.2. Le e pronuncia correctamente palabras latinas. | 1.2.1. Comunicación lingüística |
| 2. Escoitar atentamente e reproducir oracións latinas. | 2.1. Escribe ao dictado oracións latinas. | 2.1.1. Comunicación lingüística |
| 3. Comprender textos latinos de dificultade mínima con apoio visual ou audiovisual. | 3.1. Comprende textos latinos de dificultade mínima con apoio visual. | 3.1.1. Comunicación lingüística |
| 4. Coñecer as estruturas morfosintácticas latinas iniciais. | 4.1. Realiza exercicios para asentar os coñecementos. | 2.1.1. Comunicación lingüística |

Mundo romano:

- Italia antiga e fundación de Roma.
- Lendas sobre Hércules.
- A torre de Hércules.
- As nove musas.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Ler e interpretar textos clásicos ou modernos relacionados co marco xeográfico e temporal, coa mitoloxía e con vestixios de romanización. | 1.1. Le textos traducidos de autores clásicos e modernos e sinala a información relevante. | 1.1.1. Comunicación lingüística<br>1.1.2. Aprender a aprender<br>1.1.3. Competencia dixital<br>1.1.4. Conciencia e expresións culturais<br>1.1.5. Competencias sociais e cívicas<br>1.1.6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor |
| 2. Identificar as edificacións públicas e o urbanismo romano. | 2.1. Coñece as edificacións e a función das grandes obras públicas romanas. | 2.1.1. Aprender a aprender<br>2.1.2. Conciencia e expresións culturais |
| 3. Coñecer os vestixios romanos. | 3.1. Elabora composicións ou traballos con apoio visual ou audiovisual. | 3.1.1. Comunicación lingüística<br>3.1.2. Aprender a aprender<br>3.1.3. Conciencia e expresións culturais |

Comunicación:

- Ubi habitamus?
- Quid pueri faciunt?

Vocabulario:

- Vivarium
- Tempus

Gramática

- Oración transitiva e oración intransitiva.
- Caso acusativo

- Xénero neutro (1).
- Infinitivo.
- Clase de palabra e enunciado.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Coñecer as estruturas morfosintácticas latinas. | 1.1. Le con atención os textos latinos. | 1.1.1. Comunicación lingüística |
| | 1.2. Estuda o vocabulario. | 1.2.1. Comunicación lingüística |
| | 1.3. Realiza exercicios para asentar os coñecementos. | 1.3.1. Comunicación lingüística |
| 2. Identificar e distinguir os distintos formantes das palabras. | 2.1. Descompón palabras en formantes e identifica desinencias. | 2.1.1. Comunicación lingüística |
| 3. Recoñecer os infinitivos nunha frase. | 3.1. Recoñece formas de infinitivo nunha frase. | 3.1.1. Comunicación lingüística |
| 4. Identificar as construcións de infinitivo concertado. | 4.1. Recoñece formas de infinitivo concertado, analiza e traduce de forma correcta. | 4.1.1. Comunicación lingüística |
| 5. Comprender o concepto de declinación e flexión verbal. | 5.1. Distingue diferentes tipos de palabras a partir do enunciado. | 5.1.1. Comunicación lingüística |
| | 5.2. Distingue os enunciados dos substanivos e dos adxectivos. | 5.2.1. Comunicación lingüística |

Mundo romano:

- A cidade de Roma.
- A Monarquía.
- A República.
- O Senado.
- As loitas entre patricios e plebeos.
- As cidades romanas en Hispania: Tarraco e Itálica.
- Os seres mitolóxicos.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma. | 1.1. Elabora esquemas das unidades. | 1.1.1. Comunicación lingüística<br>1.1.2. Aprender a aprender<br>1.1.3. Conciencia e expresións culturais |
| | 1.2. Sabe determinados feitos relevantes no período histórico correspondente. | 1.2.1. Comunicación lingüística<br>1.2.2. Aprender a aprender<br>1.2.3. Conciencia e expresións culturais |
| 2. Coñecer a organización política e social de Roma. | 2.1. Describe os rasgos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | 2.1.1. Comunicación lingüística<br>2.1.2. Aprender a aprender<br>2.1.3. Competencias sociais e cívicas<br>2.1.4. Conciencia e expresións culturais |
| 3. Distingue mediante a lectura de textos expositivos os feitos máis destacados desta etapa da historia de España e as características das cidades de Tarraco e Itálica. | 3.1. Elabora composicións ou traballos con apoio visual ou audiovisual. | 3.1.1. Comunicación lingüística<br>3.1.2. Aprender a aprender<br>3.1.3. Competencia dixital<br>3.1.4. Conciencia e expresións culturais<br>3.1.5. Competencias sociais e cívicas<br>3.1.6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor |
| 4. Coñecer os seres mitolóxicos. | 4.1. Sabe analizar unha imaxe mediante os procedementos da descrición. | 4.1.1. Comunicación lingüística<br>4.1.2. Aprender a aprender<br>4.1.3. Conciencia e expresións culturais |

Comunicación:

- Quid facit?

Vocabulario:

- Officia
- Ad templum
- Valetudo

Gramática

- Terceira declinación.
- Caso vocativo.
- Xénero neutro (2).
- Preposicións.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Comprender textos escritos que conteñan palabras da primeira,<br>da segunda e da terceira declinacións. | 1.1. Le con atención os textos latinos iniciais. | 1.1.1. Comunicación lingüística |
| | 1.2. Estuda o vocabulario. | 1.2.1. Comunicación lingüística |
| | 1.3. Realiza exercicios para asentar os coñecementos. | 1.3.1. Comunicación lingüística |
| 2. Diferenciar características do xénero neutro e do vocativo masculino. | 2.1. Descompón palabras en formantes e identifica desinencias. | 2.1.1. Comunicación lingüística |
| 3. Comprender as construcións preposicionais con caso acusativo e con caso ablativo máis usuais en latín. | 3.1. Coñece as preposicións e as construcións preposicionais máis usuais en latín, analiza e traduce de forma correcta. | 3.1.1 . Comunicación lingüística |
| | 3.2. Identifica a forma verbal composta que resulta de unir o verbo simple cun prefixo preposicional. | 3.2.1. Comunicación lingüística |
| 4. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos. | 4.1. Identifica e relaciona elementos sintácticos da lingua latina para realizar a análise e a tradución de textos. | 4.1.1. Comunicación lingüística |

| | | |
|---|---|---|
| 5. Escribir textos en latín empregando o vocabulario estudado. | 5.1. Coñece as partes do corpo e escribe sobre a saúde. | 5.1.1. Comunicación lingüística<br>5.1.2. Aprender a aprender<br>5.1.3. Conciencia e expresións culturais<br>5.1.4. Competencias sociais e cívicas<br>5.1.5. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor |

Mundo romano:

- As accións militares de Xulio César.
- O final da República.
- Octavio Augusto.
- A extensión do Imperio.
- Dominio romano en Hispania: As Médulas e Caesaraugusta.
- Os mitos de Teseo e de Edipo.
- Os mitos de Orfeo e de Ícaro.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma. | 1.1. Elabora esquemas das unidades. | 1.1.1. Comunicación lingüística<br>1.1.2. Aprender a aprender<br>1.1.3. Conciencia e expresións culturais |
| | 1.2. Sabe determinados feitos destacados no período histórico correspondente | 1.2.1. Conciencia e expresións culturais<br>1.2.2. Aprender a aprender<br>1.2.3. Conciencia e expresións culturais |

| | | |
|---|---|---|
| 2. Recoñecer o marco xeográfico e temporal e coñecer a toponimia hispana de orixe romana. | 2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano e coñece a toponimia hispana de orixe romana. | 2.1.1. Comunicación lingüística<br>2.1.2. Aprender a aprender<br>2.1.3 Conciencia e expresións culturais |
| 3. Coñecer a importancia das colonias romanas e das obras de enxeñería romana. | 3.1. Elabora composicións ou traballos con apoio visual ou audiovisual. | 3.1.1. Comunicación lingüística<br>3.1.2. Aprender a aprender<br>3.1.3. Conciencia e expresións culturais |
| 4. Coñecer os mitos de Teseo e de Edipo, de Orfeo e de Ícaro e o seu legado cultural. | 4.1. Sabe analizar unha imaxe mediante os procedementos da descrición. | 4.1.1. Comunicación lingüística<br>4.1.2. Aprender a aprender<br>4.1.3. Conciencia e expresións culturais |

Comunicación:

- In itinere.
- In exercitu Romano.
- Dies Romanorum.

Vocabulario:

- Itinera.
- Musaeum.
- Musica.

Gramatica:

- Caso dativo.
- Numerales cardinais e ordinais.
- Pretérito perfecto e futuro imperfecto.

- Cuarta declinación.
- Quinta declinación.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Comprender textos escritos que conteñan palabras da cuarta e da quinta declinacións. | 1.1. Le con atención os textos iniciais e estuda o vocabulario. | 1.1.1. Comunicación lingüística |
| | 1.2. Elabora esquemas das unidades e repasa o vocabulario, as declinacións e as conxugacións. | 1.2.1. Comunicación lingüística<br>1.1.1. Aprender a aprender |
| 2. Escribir textos en latín empregando o vocabulario estudado. | 2.1. Sinala e describe as características básicas do campamento romano. | 5.1.1. Comunicación lingüística<br>5.1.2. Aprender a aprender<br>5.1.3. Conciencia e expresións culturais<br>5.1.4. Competencias sociais e cívicas<br>5.1.5. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor |
| 3. Consolidar o estudo da gramática e incorporar o caso dativo, os numerais e as formas verbais de pretérito perfecto e de futuro imperfecto. | 3.1. Coñece as desinencias do caso dativo, a declinación dos numerais e as conxugacións de pretérito perfecto e de futuro imperfecto. | 3.1.1. Comunicación lingüística |
| 4. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos. | 4.1. Identifica e relaciona elementos sintácticos da lingua latina para a análise e a tradución de textos. | 4.1.1. Comunicación lingüística |
| 5. Escribir en latín sobre un tema de libre elección: itinera, musaeum, musica. | 5.1. Sinala os trazos esenciais dun tema de libre elección: itinera, musaeum, musica. | 5.1.1. Comunicación lingüística |

Mundo romano:

- Helenización da cultura romana.
- Afrodita.

- Hispania (1): A Vía da Prata.
- Hispania (2): Complutum, Segobriga e Pollentia.
- Herdanza romana: costumes e leis.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Recoñecer o marco espacial e temporal. | 1.1. Identifica as características do marco espacial e temporal. | 1.1.1.<br>Comunicación lingüística<br>1.1.2.<br>Aprender a aprender<br>1.1.3.<br>Conciencia e expresións culturais<br>1.1.4.<br>Competencias sociais e cívicas |
| | 1.2. Elabora esquemas das unidades e sitúa correctamente o espazo físico e o marco temporal no que se desenvolveron os pobos. | 1.1.1.<br>Comunicación lingüística<br>1.1.2.<br>Aprender a aprender<br>1.1.3.<br>Conciencia e expresións culturais<br>1.1.4.<br>Competencias sociais e cívicas |
| 2. Identificar a herdanza de Roma e coñecer os elementos importantes do patrimonio arqueolóxico e artístico. | 2.1. Establece relacións entre determinados fitos fundamentais da historia de Roma e outros asociados a outras culturas. | 2.1.1.<br>Conciencia e expresións culturais.<br>2.1.2<br>Competencia dixital |
| | 2.2. Coñece as diferentes divisións administrativas de Hispania e as vías de comunicación. | 2.1.1.<br>Conciencia e expresións culturais. |
| | 2.3. Coñece elementos importantes do patrimonio arqueolóxico e artístico. | 2.1.1.<br>Conciencia e expresións culturais. |
| | 2.4. Busca información sobre algúns dos pintores e escultores que recrearon a imaxe de Afrodita, sitúaos no tempo e di a que corrente artística pertencen. | 2.1.1.<br>Conciencia e expresións culturais.<br>2.1.2<br>Competencia dixital |

---------------------------------------------------------------------------------------------------------------

PROPOSTA DIDÁCTICA PARA A MODALIDADE DE ENSINO SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

LATÍN 4º ESO

BLOQUE 1 - LECTURA E COMPRENSIÓN DA LINGUA

COLLOQUIUM

NARRATIO

RESPONDE LATINE

BLOQUE 2 - ESTUDO DO LÉXICO E DA GRAMÁTICA

LINGUA VIVA

BLOQUE 3 - MUNDO ROMANO

---------------------------------------------------------------------------------------------------------------

A lingua latina:

- O alfabeto e a súa pronunciación.
- Os números romanos.
- Latín. Nostra familia.
- Latín. Vestigia Romana in Hispania.

Transformacións do latín vulgar:

- A fragmentación do latín: as linguas románicas.
- A formación das palabras en español e en galego.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Identificar as palabras latinas. | 1.1. Identifica palabras latinas orixinais. | 1.1.1. Comunicación lingüística |
| 2. Relacionar imaxes con termos correspondentes na lingua latina. | 2.1. Relaciona a imaxe co termo correspondente. | 2.1.1. Comunicación lingüística |

| | | |
|---|---|---|
| 3. Ler palabras latinas. | 3.1. Identifica as letras maiúsculas e minúsculas do abecedario latino. | 3.1.1. Comunicación lingüística |
| | 3.2. Pronuncia correctamente as palabras latinas. | 3.2.1. Comunicación lingüística |
| 4. Escribir palabras latinas. | 4.1. Escribe ao dictado palabras latinas. | 4.1.1. Comunicación lingüística |
| 5. Coñecer as etapas da lingua latina e a formación das linguas romances. | 5.1. Coñece os períodos da historia da lingua latina e as características da lingua oral. | 5.1.1. Comunicación lingüística |
| 6. Coñecer as regras de formación de palabras das linguas romances. | 6.1. Coñece as regras de formación de palabras das linguas romances. | 6.1.1. Comunicación lingüística |

Comunicación:

- Lucius, puer Romanus.
- Schola.
- Familia Claudiae.
- Sarcina.

Gramática:

- Concepto de lingua flexiva, caso e declinación.
- Os casos latinos: caso nominativo, caso xenitivo e caso ablativo.
- Oración copulativa e oración predicativa.
- Desinencias verbais.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Comprender textos latinos de dificultade mínima con apoio visual ou audiovisual. | 1.1. Comprende textos latinos de dificultade mínima con apoio visual ou audiovisual. | 1.1.1. Comunicación lingüística |
| 2. Representar na escritura oracións latinas moi sinxelas. | 2.1. Escribe ao ditado oracións latinas moi sinxelas. | 2.1.1. Comunicación lingüística |
| 3. Coñecer as estruturas morfosintácticas latinas iniciais. | 3.1. Realiza exercicios para asentar os coñecementos. | 3.1.1. Aprender a aprender |

Mundo romano:

- Italia antiga e fundación de Roma.
- Lendas sobre Hércules.
- A torre de Hércules.
- As nove musas.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Ler e interpretar textos clásicos ou modernos relacionados co marco xeográfico e temporal, coa mitoloxía e con vestixios de romanización. | 1.1. Le textos textos traducidos de autores clásicos e modernos e sinala a información relevante. | 1.1.1. Comunicación lingüística<br>1.1.2. Aprender a aprender<br>1.1.3. Competencia dixital<br>1.1.4. Conciencia e expresións culturais<br>1.1.5. Competencias sociais e cívicas<br>1.1.6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor |
| 2. Coñecer os vestixios romanos. | 2.1. Elabora composicións ou traballos con apoio visual ou audiovisual. | 1.1.1. Comunicación lingüística<br>1.1.2. Aprender a aprender<br>1.1.3. Conciencia e expresións culturais |
| 3. Identificar as edificacións públicas e o urbanismo romano. | 3.1. Coñece as edificacións e a función das grandes obras públicas romanas. | 3.1.1. Aprender a aprender<br>3.1.2. Conciencia e expresións culturais |

Comunicación:

- Ubi habitamus?
- Quid pueri faciunt?

Vocabulario:

- Vivarium.
- Tempus.

Gramática:

- Clase de palabra e enunciado.
- Infinitivo.
- Oración transitiva e oración intransitiva.
- Caso acusativo.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Coñecer as estruturas morfosintácticas latinas iniciais. | 1.1. Le con atención os textos latinos iniciais. | 1.1.1. Comunicación lingüística |
| | 1.2. Estuda o vocabulario. | 1.2.1. Comunicación lingüística |
| | 1.3. Realiza exercicios para asentar os coñecementos. | 1.3.1. Aprender a aprender |
| 2. Identificar e distinguir os distintos formantes das palabras. | 2.1. Descompón palabras en formantes e identifica desinencias. | 2.1.1. Comunicación lingüística |
| 3. Recoñecer os infinitivos nunha frase. | 3.1. Recoñece formas de infinitivo nunha frase. | 3.1.1. Comunicación lingüística |
| 4. Identificar as construcións de infinitivo concertado. | 4.1. Recoñece formas de infinitivo concertado, analiza e traduce de forma correcta. | 4.1.1. Comunicación lingüística |
| 5. Comprender o concepto de declinación e flexión verbal. | 5.1. Distingue diferentes tipos de palabras a partir do enunciado. | 5.1.1. Comunicación lingüística |
| | 5.2. Distingue os enunciados dos substanivos e dos adxectivos. | 5.2.1. Comunicación lingüística |
| | 5.3. Distingue os xéneros masculino, feminino e neutro da primeira e da segunda declinacións. | 5.3.1. Comunicación lingüística |
| | 5.4. Distingue as conxugacións verbais. | 5.4.1. Comunicación lingüística |
| | 5.5. Coñece as formas de presente e de imperfecto. | 5.5.1. Comunicación lingüística |

Mundo romano:

- A cidade de Roma.
- O Senado romano.
- As loitas entre patricios e plebeos.
- As cidades romanas en Hispania.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma. | 1.1. Elabora esquemas das unidades. | 1.1.1. Comunicación lingüística<br>1.1.2. Aprender a aprender<br>1.1.3. Conciencia e expresións culturais |
| 2. Coñecer a organización política e social de Roma. | 2.1. Sinala e describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano na época da Monarquía e na época da República. | 1.1.1. Comunicación lingüística<br>1.1.2. Aprender a aprender<br>1.1.3. Conciencia e expresións culturais |
| 3. Distinguir as características das cidades romanas de Tarraco e Italica. | 3.1. Elabora composicións ou traballos con apoio visual ou audiovisual. | 3.1.1. Comunicación lingüística<br>3.1.2. Aprender a aprender<br>3.1.3. Competencia dixital<br>3.1.4. Conciencia e expresións culturais<br>3.1.5. Competencias sociais e cívicas<br>3.1.6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor |
| | 3.2. Redacta composicións escritas con comentarios persoais das obras conservadas como mostra do esplendor e do talento de épocas pasadas. | 1.1.1. Comunicación lingüística<br>1.1.2. Aprender a aprender<br>1.1.3. Conciencia e expresións culturais |

Comunicación:

- Quid facit?

Vocabulario:

- Officia.
- Ad templum.
- Valetudo.

Gramática:

- Terceira declinación.
- Caso vocativo.
- Xénero neutro.
- Preposicións.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Comprender textos escritos que contan palabras da primeira, da segunda e da terceira declinacións. | 1.1. Le con atención os textos latinos iniciais. | 1.1.1. Comunicación lingüística |
| | 1.2. Estuda o vocabulario. | 1.2.1. Comunicación lingüística |
| | 1.3. Realiza exercicios para asentar os coñecementos. | 1.3.1. Comunicación lingüística |
| 2. Diferenciar características do xénero neutro e do vocativo masculino. | 2.1. Diferencia características do xénero neutro e do vocativo masculino. | 2.1.1. Comunicación lingüística |
| 3. Comprender as construcións preposicionais con caso acusativo e con caso ablativo máis usuais en latín. | 3.1. Coñece as preposicións e as construcións preposicionais máis usuais en latín, analiza e traduce de forma correcta. | 3.1.1. Comunicación lingüística |
| | 3.2. Identifica a forma verbal composta que resulta de unir o verbo simple cun prefixo preposicional. | 3.2.1. Comunicación lingüística |
| 4. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos. | 4.1. Identifica e relaciona elementos sintácticos da lingua latina para realizar a análise e a tradución de textos. | 4.1.1. Comunicación lingüística |

| | | |
|---|---|---|
| 5. Escribir textos en latín empregando o vocabulario estudado. | 5.1. Coñece as partes do corpo e escribe sobre a saúde. | 5.1.1.<br>Comunicación lingüística<br>5.1.2.<br>Aprender a aprender<br>5.1.3.<br>Conciencia e expresións culturais<br>5.1.4.<br>Competencias sociais e cívicas<br>5.1.5.<br>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor |

Mundo romano:

- As accións militares de Xulio César.
- O final da República.
- Octavio Augusto.
- A extensión do Imperio.
- Dominio romano en Hispania: Caesaraugusta e As Médulas.
- Os mitos de Teseo e de Edipo.
- Os mitos de Orfeo e de Ícaro.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma. | 1.1. Elabora esquemas das unidades. | 1.1.1.<br>Comunicación lingüística<br>1.1.2.<br>Aprender a aprender<br>1.1.3.<br>Conciencia e expresións culturais |
| | 1.2. Sabe determinados feitos destacados no período histórico correspondente | 1.2.1.<br>Conciencia e expresións culturais<br>1.2.2.<br>Aprender a aprender<br>1.2.3.<br>Conciencia e expresións culturais |

| | | |
|---|---|---|
| 2. Recoñecer o marco xeográfico e temporal e coñecer a toponimia hispana de orixe romana. | 2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano e coñece a toponimia hispana de orixe romana. | 2.1.1.<br>Comunicación lingüística<br>2.1.2.<br>Aprender a aprender<br>2.1.3<br>Conciencia e expresións culturais |
| 3. Coñecer a importancia das colonias romanas e das obras de enxeñería romana. | 3.1. Elabora composicións ou traballos con apoio visual ou audiovisual. | 3.1.1.<br>Comunicación lingüística<br>3.1.2.<br>Aprender a aprender<br>3.1.3.<br>Conciencia e expresións culturais |
| 4. Coñecer os mitos de Teseo e de Edipo, de Orfeo e de Ícaro e o seu legado cultural. | 4.1. Sabe analizar unha imaxe mediante os procedementos da descrición. | 4.1.1.<br>Comunicación lingüística<br>4.1.2.<br>Aprender a aprender<br>4.1.3.<br>Conciencia e expresións culturais |

Comunicación:

- In itinere.
- In exercitu Romano.
- Dies Romanorum.

Vocabulario:

- Itinera.
- Musaeum.
- Musica.

Gramatica:

- Caso dativo.
- Numerales cardinais e ordinais.
- Pretérito perfecto e futuro imperfecto.

- Cuarta declinación.
- Quinta declinación.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Comprender textos escritos que conteñan palabras da cuarta e da quinta declinacións. | 1.1. Le con atención os textos iniciais e estuda o vocabulario. | 1.1.1.<br>Comunicación lingüística |
| | 1.2. Elabora esquemas das unidades e repasa o vocabulario, as declinacións e as conxugacións. | 1.2.1.<br>Comunicación lingüística<br>1.1.1.<br>Aprender a aprender |
| 2. Escribir textos en latín empregando o vocabulario estudado. | 2.1. Sinala e describe as características básicas do campamento romano. | 5.1.1.<br>Comunicación lingüística<br>5.1.2.<br>Aprender a aprender<br>5.1.3.<br>Conciencia e expresións culturais<br>5.1.4.<br>Competencias sociais e cívicas<br>5.1.5.<br>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor |
| 3. Consolidar o estudo da gramática e incorporar o caso dativo, os numerais e as formas verbais de pretérito perfecto e de futuro imperfecto. | 3.1. Coñece as desinencias do caso dativo, a declinación dos numerais e as conxugacións de pretérito perfecto e de futuro imperfecto. | 3.1.1.<br>Comunicación lingüística |
| 4. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos. | 4.1. Identifica e relaciona elementos sintácticos da lingua latina para a análise e a tradución de textos. | 4.1.1.<br>Comunicación lingüística |
| 5. Escribir en latín sobre un tema de libre elección: itinera, musaeum, musica. | 5.1. Sinala os trazos esenciais dun tema de libre elección: itinera, musaeum, musica. | 5.1.1.<br>Comunicación lingüística |

Mundo romano

- Hispania (1): A Vía da Prata.
- Hispania (2): Complutum, Segobriga e Pollentia.

| | | |
|---|---|---|
| 1. Identificar a herdanza de Roma e coñecer os elementos importantes do patrimonio arqueolóxico e artístico. | 1.1. Coñece elementos importantes do patrimonio arqueolóxico e artístico. | 1.1.1. Conciencia e expresións culturais |

**Contidos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva**

Contidos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva especificados no Curso 4º de ESO e para a materia de Latín:

- Comprensión da lingua latina nos pequenos diálogos ou narracións sobre as situacións expostas ao longo das unidades do libro de texto e elaboración de textos de produción propia.
- Comprobación da morfoloxía latina estudada: as cinco declinacións dos substantivos, a declinación e os xéneros dos adxectivos, a declinación especial dos numerais cardinais, as formas da conxugación de presente, a forma do infinitivo e as formas da conxugación de imperfecto, de pretérito perfecto e de futuro imperfecto.
- Asimilación das regras básicas de sintaxe e capacidade adecuada de análise e de tradución de frases latinas.
- Coñecemento do vocabulario latino e da formación de palabras da mesma familia latina.
- Procedementos de creación de palabras e comprobación da etimoloxía grecolatina estudada.
- Características de Roma e de Italia, épocas da historia e principais acontecementos.
- Características da sociedade, das formas de goberno, do exército, do espazo público da cidade, da relixión, da familia e da educación.
- Identificación de elementos da mitoloxía, da literatura e da arte.
- Características da provincia romana de Hispania.
- Identificación da herdanza do pasado grecorromano: costumes, leis, arte e educación.

**Criterios mínimos de avaliación**

Criterios mínimos de avaliación especificados no Curso 4º de ESO e para a materia de Latín:

1. Comprender a importancia do latín como núcleo das linguas románicas:

1. 1. Coñecer as etapas da historia da lingua latina e a formación das linguas romances.

1. 2. Relacionar imaxes con termos correspondentes na lingua latina.

2. Estudo e comprensión do vocabulario:

2. 1. Identificar e distinguir os distintos formantes das palabras.

2.2. Identificar os lexemas, prefixos e sufixos estudados.

3. Estudo inicial do vocabulario latino e da gramática latina (I) :

3. 1. Ler e pronunciar correctamente palabras latinas.

3. 2. Escoitar atentamente e reproducir oracións latinas moi sinxelas.

3. 3. Comprender textos latinos de dificultade mínima con apoio visual ou audiovisual.

3. 4. Comprender o concepto de declinación e flexión verbal.

3. 5. Coñecer as estruturas morfosintácticas latinas iniciais.

3. 6. Recoñecer os infinitivos nunha frase e identificar as construcións de infinitivo concertado.

4. Comprensión e análise de textos:

4. 1. Comprender textos escritos que conteñan palabras da primeira, da segunda e da terceira declinacións.

4. 2. Diferenciar características do xénero neutro e do vocativo masculino.

4. 3. Comprender as construcións preposicionais máis usuais en latín.

4. 4. Comprender textos escritos que conteñan palabras da cuarta e da quinta declinacións.

4. 5. Escribir textos en latín empregando o vocabulario estudado.

5. Ampliación e consolidación do estudo do vocabulario latino e da gramática latina (II) :

5. 1. Consolidar o estudo da gramática e incorporar o caso dativo, os numerais e outras formas verbais.

5. 2. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos.

6. Comprender aspectos da civilización, da historia ou do legado de Roma:

6. 1. Ler e interpretar textos clásicos ou modernos relacionados co marco xeográfico e temporal, coa mitoloxía e con vestixios de romanización.

6. 2. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma.

6. 3. Coñecer a organización política e social de Roma.

6. 4. Identificar a herdanza de Roma e coñecer os elementos importantes do patrimonio arqueolóxico e artístico.

**Metodoloxía**

A metodoloxía contempla a consideración de que cada alumno é único en circunstancias, forma de aprender, e acceso a materiais e recursos.

Trátase pois, de considerar as carencias para evitar excluír algúns alumnos, ou sexa, separando os que encaixan e os que non encaixan.

Non sería posible a docencia no momento actual sen as posibilidades que abren as TIC, co emprego de mensaxería web e aula virtual.

A metodoloxía empregada considera o feito de que unha parte do alumnado non ten a posibilidade de empregar os medios informáticos. Emprégase por igual e co mesmo valor e puntuación na avaliación o caderno do alumno/a ou o exercicio escrito con ordenador. Asi mesmo, a adaptación necesaria aos medios empregados, esixe coidados no proceso de corrección.

As estratexias adoptadas no deseño das actividades e das tarefas, que son instrumentos de avaliación, reflíctense en propostas diferenciadas para o traballo do alumnado na aula.

Ofrecer información e recibir información non é garantía do emprego axeitado da mesma, nin produce de xeito automático coñecemento. Esixe analizar, facer referencias, deducións, e , en definitiva, integrar a nova información nos esquemas previos de coñecemento adquiridos.

Distintos tipos de actividades ou tarefas:

- Actividades de introdución e coñecementos previos:

Guían o interese do alumnado no que se refire ao contido da unidade.

Empréganse para presentar con claridade os coñecementos previos, coñecer as ideas, opinións, acertos e erros dos alumnos e das alumnas acerca dos contidos que se van desenvolver.

- Actividades de desenvolvemento:

Son as que permiten traballar os contidos e as competencias clave da unidade.

- Actividades de síntese-resumen:

Son aquelas actividades que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos.

- Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:

Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos e alumnas do mesmo modo que aplicar as aprendizaxes.

Son as que se programan para os alumnos e as alumnas que non acadaron os obxectivos.

Son as que permiten profundar nos contidos a aqueles alumnos e alumnas que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

**Materiais didácticos**

1. Materiais para o estudo individual:

Libro de texto para 4º Curso de ESO:

Título: Latín.

Autor/es: Varios Autores.

Editorial e Serie: Editorial Santillana, Serie Interpreta.

ISBN: 978 – 84 – 8305 – 646 – 2.

Ano: 2016.

Idioma: Castellano.

2. Materiais para a ampliación do estudo:

Obras de lectura e de consulta:

Dicionario dos seres míticos galegos, ed. Xerais

O mundo de Sofía, da biblioteca Gaarder

ANEXO I

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

https://drive.google.com/file/d/1T72lXKCHhaVefdS53FlJy9ig9vmtfiuX/view?usp=drivesdk

https://drive.google.com/file/d/1yTgwKUE5UTEN14LEuCnHyyjnJb7UPjex/view?usp=drivesdk

https://drive.google.com/file/d/12_pmiMjA_XEoud6d6TQRRkhGXwNU2H0D/view?usp=drivesdk

https://drive.google.com/file/d/1ILeXRZF9r7fCFaSREe9NkMZfjowROW9M/view?usp=drivesdk

https://drive.google.com/file/d/14OW6Wckv65-QKh5h5j5kxxsaG_pzkLbu/view?usp=drivesdk

https://drive.google.com/file/d/1dKDs35BxWkWwMuXFtWYPqy2Dyh9pgKTC/view?usp=drivesdk

https://drive.google.com/file/d/1TaQ4VvCRwV4xabg7Bb4J4lCYlkxa-mBz/view?usp=drivesdk

https://drive.google.com/file/d/1nYjQxYyOtfCfktANMHAoSNlscxRW40LX/view?usp=drivesdk

https://tokapp.com/url/xrwmk

https://drive.google.com/file/d/1rqYZdEFCGV5iibH46qevYBmA_eJz9hSQ/view?usp=drivesdk

https://tokapp.com/url/hrcna

https://tokapp.com/url/kwbaj

https://tokapp.com/url/adwob

https://tokapp.com/url/bjgxy

**Avaliación**

A avaliación dos contidos mediante probas escritas e a comprobación do traballo diario constitúen o medio principal de cualificación do alumnado. Teñen ambos os dous procedementos unha grande importancia na aprendizaxe. Favorecen o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual que se desenvolve a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

As propostas de actividades e de tarefas que deberán realizar os alumnos e as alumnas para ser avaliados conten propostas de exercicios que son compatibles en termos de dificultade co que foi ensinado e que empregan unha linguaxe clara e sinxela.

As preguntas nos exames escritos e realizados no tempo da clase requirirán respostas aos aspectos dos temas pertencentes a todos os bloques de contidos e especificados nas táboas. A duración dos exames será de 50 minutos ao longo de todo o curso e haberá dous exames por avaliación, excepcionalmente, tres exames.

A consecución dun ambiente de respecto mutuo será básico para lograr un sentimento de eficacia persoal e de saber administrar o esforzo sen renderse ante un resultado inadecuado.

**Procedementos de Avaliación**

A adaptación necesaria aos medios empregados, esixe coidados no proceso de corrección.

- Respectar a intimidade dos alumnos e das alumnas, pois nas súas respostas revelan o seu modo de aprender, de entender, a súa capacidade de razoar, de crear historias.
- Non descalificar o traballo do alumno ou alumna.
- Abordar a análise de forma positiva.
- Comentar os resultados para auxiliar na auto-comprensión dos procesos persoais de aprendizaxe.

Avalíase na realización das actividades ou das tarefas:

- Participación
- Interese
- Organización
- Boas maneiras no entorno dixital

**Instrumentos de Avaliación**

Débese minimizar a valoración de aspectos dirixidos á simple memorización e valorizar o uso do pensamento mediante instrumentos que permiten revelar a capacidade de razoar, de ofrecer solucións, de comprender conceptos, de exemplificalos, de analizalos, de establecer relacións entre eles, e de probar a comprensión de principios e xeneralizacións, a capacidade de aplicar coñecementos en situacións concretas, de interpretar, de analizar e de manifestar opinións sobre asuntos tratados.

**Adaptación da Avaliación**

O **"Plan de adaptación á situación COVID-19"** inclúe a adaptación da avaliación no escenario posible que a docencia non presencial puidese requirir, trátase da avaliación do traballo telemático.

Non haberá un exame en tempo real.

O traballo telemático será avaliado coas consideracións seguintes:

• Como primeira consideración, actuarase desde o concepto de que hai que adaptarse e modificar os sistemas de avaliación.

• A finalidade da avaliación é a de verificar a aprendizaxe real.

• Como segunda consideración, é necesario establecer os criterios que definen

1. que será avaliado?

2. que é fundamental que o alumno saiba?

• A avaliación non é obtida tan só como cuantificación do proceso, senon con técnicas diversificadas.

• Precisa da valoración de moitos datos; a maior cantidade de datos, máis fiable será o resultado.

• A avaliación é constante e continua, e as verificacións periódicas proporcionan un maior número de mostras.

• Na avaliación é importante que o alumno ou a alumna coñeza as súas dificultades para poder afirmar os seus acertos. Iso garante a súa eficacia.

• Na avaliación é necesario, é fundamental, superar a mera recepción de contidos que non expresan o que o alumno ou a alumna aprendeu.

**Recuperación das avaliacións suspensas**

O plan de recuperación durante o curso inclúe a realización de diferentes tipos de actividades cando se trata da recuperación dun traballo non entregado no prazo esixido:

- Actividades de desenvolvemento:

Son as que permiten traballar os contidos e as competencias clave da unidade.

- Actividades de síntese-resumen:

Son aquelas actividades que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos.

- Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:

Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos e alumnas do mesmo modo que aplicar as aprendizaxes.

Ademais da revisión de todas as actividades propostas para a avaliación, hai unha proba específica de recuperación para aqueles alumnos/as que non acadaron a nota suficiente e, se así o desexan, para aqueles alumnos/as que van mellorar a súa nota. A cualificación é a máis alta.

**Proba Extraordinaria**

O seu programa será o mesmo que o desenvolvido ao longo do curso.

O exame contará con varias preguntas referidas a algúns dos aspectos dos temas pertencentes a todos os bloques de contidos e especificados nas táboas.

Non poden quedar sen unha resposta válida todas as preguntas referidas a un bloque completo, si poderán realizarse tarefas de recuperación cun guión elaborado en xuño para entregalas o día do exame.

Estas tarefas de recuperación representarán o 60% da nota da avaliación extraordinaria.

A publicación do presente documento farase efectiva

na páxina web do IES Agra do Orzán:

www.edu.xunta.gal/centros/iesagraorzan

Asinado:

María Elena Labora Castro